

## ACTA DA XUNTA ORDINARIA DA FACULTADE DE HISTORIA DO 4 DE DECEMBRO DE 2020

**Asistentes:**

**Presidenta**

Reboreda Morillo, Susana

**Secretaria**

Cadilla Lomba, Josefina T.

**PDI**

Comendador Rey, Beatriz

López Díaz, María

Pérez Rodríguez, Fco José

Prada Rodríguez, Julio

Presedo Garazo, Antonio

Rodríguez Teijeiro, Domingo

Uña Álvarez, Elena de

Vaquero Díaz, María Beatriz

**PDI contratado**

Campos Álvarez, Xosé R.

**Alumnado**

Lozano Ramírez, A.Tierra

**PAS**

Rodríguez Bouzas, Josefa

**Desculpa ausencia:**

**Vicedecano**

Fernández Fdez, Adolfo

**PDI**

Pérez Losada, Fermín

A xunta realizase de xeito virtual, mediante o Campus Remoto na sala de xuntas 1 da Facultade de Historia, reuníndose os membros que figuran á marxe, o venres 4 de decembro de 2020, ás 13.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 23 de outubro de 2020 e da sesión extraordinaria do 27 de outubro de 2020.
2. Informe da presidenta.
3. Aprobación, se procede, dos seguintes documentos/decisións validados/as na Comisión de Calidade:
  - 3.1. Informe de coordinación do curso 2019-2020 para o Mestrado en Valoración Xestión e Protección do Patrimonio Cultural.
  - 3.2. Documento de accións formativas para o PDI para o curso 2020-2021.
  - 3.3. Informe sobre necesidades do PAS da Facultade de Historia.
  - 3.4. Informe do PAT para o curso 2019-2020.
  - 3.5. Realización da enquisa do Anexo IV do PAT a través da secretaría virtual.
  - 3.6. Formato no que se realizarán os exames do primeiro cuatrimestre.
4. Designación do PDI con adicación a tempo completo e vinculación permanente para a Comisión Avaliadora III Edición dos Premios de investigación, transferencia e divulgación científica do Campus Auga
5. Aprobación, se procede, da convocatoria e do calendario de eleccións a Decano/a. No suposto de aprobarse o citado punto realizarase na mesa xuntanza o sorteo para a Xunta Electoral.
6. Aprobación, se procede, das modificacións nas datas do calendario de exames do primeiro cuatrimestre do curso 2020/2021 para as materias: “*Fundamentos de Xeografía Física*” e “*Xeografía Aplicada: Territorio e Paisaxe*”
7. Rolda de intervencións.

A decana pasa a dar lectura aos nomes dos membros da xunta de facultade que desculpan a súa ausencia á sesión, e que se relaciona á marxe desta acta.

## 1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 23 de outubro de 2020 e da sesión extraordinaria do 27 de outubro de 2020.

Por un erro na convocatoria remitida no punto 1 onde dicía “sesión extraordinaria do 26 de outubro de 2020” debería dicir “sesión extraordinaria do 27 de outubro de 2020. Corrixido este erro de transcripción , apróbanse as acta por asentimento.

## 2. Informe da presidenta.

Comeza o seu informe felicitando ao profesor Antonio Presedo Garazo, que cambia a súa situación laboral pasando a ser profesor axudante doutor. Evidentemente é algo que chega un pouco tarde posto que facía moito tempo que era merecedor polos seus moitos méritos deste cambio de categoría profesional.

En relación ao peche de exercicio, indica que estamos xa practicamente co orzamento liquidado. Para os laboratorios docentes se restituíron os cartos que pola crise da covid-19 inicialmente se detraeron desde a Reitoría.

Para os novos orzamentos para o ano 2021 comenta que hai moi boas novas. No exercicio económico 2020 produciuse unha baixada por importe de 6000 euros, o que provocou que a decana se reunira con membros do equipo reitoral, incluído o reitor, para mostrar o seu malestar e explicar a grave situación económica na que quedaba a Facultade . Esa enorme diminución debíase a que nos orzamentos asignados a facultade se asumía por unha parte o mantemento de tres edificios na súa totalidade e pola outra banda o que tiña que xestionar o centro directamente. Isto provocaba unha situación bastante anómala porque en cifras contábase cun orzamento moi alto pero na realidade era moi pequeno porque a capacidade de xestión era unicamente para a cantidade a distribuír polo centro, que era moi reducida. Acadouese ese ano un acordo de xeito que posto que non se podían modificar os orzamentos da Universidade de Vigo, se asumirían eses 6000 € de redución desde servizos centrais para que a facultade non se vira prexudicada. Independentemente dese acordo ela seguiu solicitando que se separara dos orzamentos do centro o que era o mantemento dos edificios que xestionaba directamente a administradora de campus e que correspondía en realidade a tres centros (Facultade de Ciencias da Educación e Traballo Social, Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo e Facultade de Historia) e o orzamento a distribuír directamente pola nosa facultade.

Cando chegaron os orzamentos do 2021 a situación volvía a repetirse, é dicir, non se tiveran en conta os argumentos do ano pasado e producíase de novo unha redución que agora era de 2.000 €. A cantidade a distribuír polo centro quedaba unicamente de 22.000 €. En definitiva, en dous anos a rebaixa era de

8.000 €. Houbo que volver comezar coas reclamacións, foi unha loita que canseira e dura, sen obter resposta inmediata. O luns, por sorpresa, se recibiu un novo orzamento no que se acordaba que os gastos de reparación e mantemento dos edificios con centros repartidos se repartirían proporcionalmente en función dos metros cadrados que ocuparan. Esa decisión que mostraba a realidade, encheunos de ledicia porque quedamos cun orzamento propio de 50.400 €. Realmente o resultado é moi satisfactorio e quizais indagar na situación dos anos anteriores non ten sentido. Engade que prefire pensar que nun momento dado, cando se asignou este gasto como noutros centros do campus, si se dotou economicamente, pero quizais nun momento dado, esa dotación foise perdendo.

Este aumento de presuposto fará máis doada unha xestión con menos esforzos para realizar actividades e investimentos.

### **3. Aprobación, se procede, dos seguintes documentos/decisións validados/as na Comisión de Calidade:**

Como ven sendo habitual, a decana propón aprobar o que está discutido e validado na Comisión de Calidade celebrada recentemente, no suposto de que algunha persoa desexe formular algunha cuestión pode facelo.

Non se formulan preguntas, procédese á aprobación dos seguintes aspectos:

#### **3.1. Informe de coordinación do curso 2019-2020 para o Mestrado en Valoración Xestión e Protección do Patrimonio Cultural.**

Aprobase por asentimento.

#### **3.2. Documento de accións formativas para o PDI para o curso 2020-2021.**

Aprobase por asentimento.

#### **3.3. Informe sobre necesidades do PAS da Facultade de Historia.**

Aprobase por asentimento.

#### **3.4. Informe do PAT para o curso 2019-2020.**

Aprobase por asentimento.

#### **3.5. Realización da enquisa do Anexo IV do PAT a través da secretaría virtual.**

Aprobase por asentimento.

### 3.6. Formato no que se realizarán os exames do primeiro cuadrimestre.

En relación a este tema a Comisión de Calidade acordou delegar a decisión na Xunta de Facultade de hoxe dado que é un aspecto a tratar por todo o profesorado.

A proposta do equipo decanal é que dado que as medidas sanitarias fronte a covid-19 se manteñen, se o profesorado desexa facer exames presenciais, deberá remitir á secretaría do decanato a solicitude indicando o día, a hora e o número de alumnado que se estima se presentará. O obxectivo é atopar un espazo máis comfortable que a aula multiusos do soto.

En relación aos exames virtuais comenta que por parte do alumnado recolleuse que o tempo asignado resulta escaso e en ocasións é moi estresante.

Intervén a profesora Beatriz Vaquero para indicar que se hai posibilidade de que sexan presenciais coas medidas de seguridade, ela prefire realizados presencialmente.

Acéptase a anterior proposta para a realización de exames presenciais.

Antonio Presedo explica que en 4º curso non hai problema, poderíanse utilizar as aulas 0.5 e 0.6.

Beatriz Comendador intervén para explicar que nas súas materias practicamente xa se fixeron os exames parciais e quedan pendentes do exame final poucas persoas. Revisando as datas establecidas no calendario, o seu exame coincide coas eleccións do día 15 de xaneiro, data na que tamén remata o prazo de entrega de traballos, considera que habería que buscar unha solución. En relación ás queixas relativas ao tempo para a realización dos exames virtuais, entende que o tempo pode parecer xusto, pero é o único xeito de facer unha diferenza entre as persoas que saben da materia e as que non, dado que canto máis tempo se estableza máis doado é consultar a documentación. Desde a súa experiencia, con probas en 1º, 2º e 4º, queda claro na valoración final que as persoas que sabían da materia sacaron moi boas notas. Ese límite de tempo é o único xeito de diferenciar quen ten as capacidade adquiridas e quen non. Para as persoas que coñecían a materia o tempo foi suficiente. Como hai distintas problemáticas daráselle a oportunidade de que repitan a proba na data oficial da avaliación online. Conclúe que no seu caso as probas finais serán online. Reitera a solicitude de arranxar a coincidencia de datas que se produce o día 15 de xaneiro.

En relación á esa coincidencia de datas exposta por Beatriz Comendador e outra por Beatriz Vaquero, a decana propón que se envíe aos membros da

xunta de facultade unha consulta relativa á súa dispoñibilidade. Así o horario da elección non coincidirá con ningunha obriga docente.

Intervén Terra Lozano, representante do alumnado para indicar, a título persoal, en relación ao tema, que considera que o tempo nas probas virtuais era suficiente, aínda que efectivamente entre o alumnado se comentou que era escaso.

Expón a súa experiencia a profesora Elena de Uña, non lle consta que en primeiro e cuarto curso as persoas se queixaran do tempo que ela estableceu e que seguían as indicacións establecidas pola Universidade de Vigo. Pola súa parte non detecta diferencias entre os resultados das probas presenciais e das probas online.

Finalizadas as quendas de intervención conclúese que o profesorado que desexe realizar os exames presenciais que o comunique no decanato. Enviarase un correo xenérico explicando esta circunstancia, para informar a todo o profesorado. Tamén nun correo se consultará a dispoñibilidade do profesorado para realizar as eleccións o día 15 de xaneiro.

Apróbase este procedemento por asentimento.

**4. Designación do PDI con adicación a tempo completo e vinculación permanente para a Comisión Avaliadora III Edición dos Premios de investigación, transferencia e divulgación científica do Campus Auga**

Proponse ao profesor Julio Prada Rodríguez.

Apróbase a proposta da decana por asentimento.

**5. Aprobación, se procede, da convocatoria e do calendario de eleccións a Decano/a. No suposto de aprobarse o citado punto realizarase na mesa xuntanza o sorteo para a Xunta Electoral.**

Comeza a decana explicando que a etapa do actual equipo decanal xa rematou e hai que abrir unha nova. Foron 6 anos frutíferos de moito traballo, con máis épocas boas que malas. Chega o momento do relevo, entende que si se quere manter a Facultade ten que haber un equipo directivo. As circunstancias actuais son mellores que as que foron antes, hai posibilidade de dous vicedecanatos, co cal o equipo estaría formado por 4 persoas, é dicir habería unha persoas máis para asumir a carga de traballo. A maiores está a noticia de o incremento do orzamento, que permitirá acometer investimentos en diversas actividades. Anima a que alguén tome o relevo e presente a súa candidatura.

Se non se presenta ninguén o reitor nomeará a unha persoa en funcións, anuncia que fará todo o posible para que non sexa ela, xa que ao cansazo se lle suma os novos proxectos que quere asumir; o nomeamento sería dun máximo de seis meses coa finalidade de que se convoquen novas eleccións. O ideal sería afrontar o tema de xeito inmediato. É unha responsabilidade grande e moita tarefa, moitas veces sen recoñecemento, pero evidentemente forma parte do noso traballo. Solicita que se alguén desexa intervir que o faga.

Non se realizan intervencións.

Aprobase o calendario electoral por asentimento e remitírase á Secretaria do Reitor. Procédese ao sorteo da xunta electoral, resultando elixidos:

Sector P.D.I.:

Titular: Francisco Javier Pérez Rodríguez

Suplente 1: Elena Pilar De Uña Álvarez

Suplente 2: Antonio Presedo Garazo

Sector alumnado:

Titular: Alberte Pérez Diéguez

Suplente 1: Yolanda Figueira Lago

Suplente 2: Jorge Cid Rejo

Suplente 3: Yoel Torres Conde

Suplente 4: Jorge Lorenzo García

Sector P.A.S.:

Titular: Ángeles Casqueiro Blanco

Suplente 1: Josefa Rodríguez Bouzas

Suplente 2: M<sup>a</sup> Carmen Arribas Álvarez

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14.15 h do día 4 de decembro de 2020, da que eu como secretaria , dou fe co visto e praxe da decana.

A decana

Asinado dixitalmente

Susana Reboreda Morillo

A secretaria

Asinado dixitalmente

Josefina Cadilla Lomba